



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA USO DE COMEDOR ESCOLAR COLEXIO Nº 2 DE TUI". POSTA EN COÑECEMENTO INFORME TÉCNICO Á DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE OFERTA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA, ACORDO DE PROPOSTAS ECONOMICAS ADMITIDAS E PROPOSTA DE OFERTA ECONÓMICA MÁIS VENTAXOSA

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas e vinte minutos do día 8 de maio de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.
Pilar Fernández Rodríguez, secretaria xeral do concello.
José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.
Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Urbanismo e Facenda.

Secretario:

José Angel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

1.- A Mesa de Contratación realizada o pasado día 10 de abril 2017, acto de apertura pública das propostas económicas presentadas á licitación, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

(.../...)

"Primeiro.- Solicitar ás seguintes empresas:

- Construcciones Castro Figueiro, S.L.
- Sitexca 2016 S.L.
- Zona de Obra O Rosal, S.L.
- Cies Obra Civil, S.L.

Ao abeiro do que se cita o art. 152.3 do TRLCSP, "*xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorable de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.*"

Segundo.- Outorgar un prazo de audienciái de cinco días hábiles aos licitadores, por tratarse dun procedemento urxente, aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP."

2.- Rematado o prazo de presentación de documentación requirida aos licitadores anteriormente citados, presentan documentación as seguintes empresas:

- Construcciones Castro Figueiro, S.L.U, R.E. 2017-E-RC-3501 de 19/04/20174.
- Cies Obra Civil, S.L., RE 2017-E-RC-3517 de 19/04/2017.

3.- Se deriva documentación xustificativa presentada polos licitadores ao arquitecto técnico municipal aos efectos de informe, que a continuación, se transcribe literalmente:

"JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ, arquitecto técnico do Departamento de Urbanismo, a petición do Departamento de Contratación, en relación ás xustificacións de baixas desproporcionadas presentadas no concurso do proxecto de ACONDICIONAMENTO E

AMPLIACIÓN DA EDIFICACIÓN PARA USO DE COMEDOR ESCOLAR COLEXIO Nº 2 DE TUI convocado polo Concello de Tui, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1.- ANTECEDENTES

- Con data 10 de abril de 2017 constitúese a mesa de contratación da obra de ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DA EDIFICACIÓN PARA USO DE COMEDOR ESCOLAR COLEXIO Nº 2 DE TUI para realizar a apertura do sobre nº 2 CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Preséntanse un total de 16 empresas.

Despois de proceder á análise das ofertas económicas a Mesa de Contratación ACORDA solicitar ás empresas CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SL, SITEXCA 2016 SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SL e CIES OBRA CIVIL SL *xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforo que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado*

- As empresas CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU e CIES OBRA CIVIL, SL presentan xustificacións das súas ofertas económicas, que se me achegan o 25 de abril de 2017.

2.- ANÁLISIS DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS

2.1.- XUSTIFICACIÓN DE "CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU" (RE 2017-E-RC-3501 de 19/04/2017)

Indícase na xustificación que

"[...]"

4. JUSTIFICACIÓN DE LA OFERTA ECONÓMICA PRESENTADA

[...]"

- Como no puede ser de otra manera, para el estudio del presente proyecto y presentación de la oferta económica, así como la reducción de plazo, se ha realizado un profundo análisis de los rendimientos y equipos necesarios para la correcta ejecución de la obra en el plazo ofertado. Este exhaustivo estudio ha permitido establecer el adecuado dimensionamiento de los equipos que ejecutarán las obras, y de esta forma la reducción de costes indirectos asociados a la obra.

- En cuanto a los **gastos generales y el beneficio industrial** nos gustaría aclarar que para la realización de nuestra oferta económica, hemos decidido prescindir del Beneficio Industrial del 6% establecido habitualmente en las obras públicas, para de esta forma ser más competitivos. [...]"

Del mismo modo, el 13% establecido habitualmente en las obras públicas para los Gastos Generales de la empresa, se aleja mucho del propio de Construcciones Castro Figueiro S.L.U., que debido a los múltiples aspectos mencionados con anterioridad hemos logrado mantenerlo en los últimos años en torno al 5,00%.

- Analizados los factores anteriores, que como se ha expuesto condicionan y determinan el importe global de la oferta presentada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U., se adjunta en esta documentación el estudio económico de detalle que se realizó para la obra en licitación [...] Esta justificación se muestra en el **Anexo III: Justificación de precios. Comparativo P.E.M. de proyecto frente P.E.M. Construcciones Castro.**

[...]"

Con respecto ao indicado pola empresa

- Indícase que os gastos xerais da empresa son dun 5%, pero non se aporta ningunha documentación que xustifique este dato.

- Indícase pola empresa que se ha realizado un profundo análisis de los rendimientos y equipos necesarios para la ejecución de la obra. Sen embargo no Anexo III JUSTIFICACIÓN DE PRECIOS tan só indícanse os prezos unitarios de cada partida, pero non se aportan nin prezos unitarios de materiais, nin de medios auxiliares, nin de man de obra, nin prezos



descompostos, nin rendementos, nin se indican os custos indirectos da obra (persoal técnico, implantación e mantemento de obra ...).

- Indícase no citado anexo que o PEM de CONSTRUCCIONES CASTRO SLU para as obras é de 64.056,86 euros. Segundo a oferta presentada de 79.785,79 euros resulta que para os GASTOS XERAIS da empresa, os COSTOS INDIRECTOS da obra e os GASTOS derivados do contrato queda unha marxe de 1.881,81 euros, que supón un 2,94% sobre o PEM. Sen embargo antes indicábase que os gastos xerais eran dun 5%.

Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son

- A publicación do anuncio de licitación no BOP.
- O cartel de obra que ten a obriga de colocar.
- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifica á contía indicada do 5% para gastos xerais, e ademais esta contía non se corresponde co PEM indicado e a OFERTA presentada.
- non se xustifica suficientemente a oferta económica presentada en ningunha partida.
- non xustifican os custos indirectos da obra nin os gastos derivados do contrato.

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de "CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU"**

2.2.- XUSTIFICACIÓN DE "CIES OBRA CIVIL, SL" (RE 2017-E-RC-3517 de 19/04/2017)

Apórtase na xustificación o ANEXO 5 (PRESUPUESTO DE EJEUCIÓN MATERIAL)

Con respecto ao indicado pola empresa

- No ANEXO 5 (PRESUPUESTO DE EJEUCIÓN MATERIAL) indícanse os prezos unitarios de cada partida, pero non se aportan nin prezos unitarios de materiais, nin de medios auxiliares, nin de man de obra, nin prezos descompostos, nin rendementos, nin se indican os custos indirectos da obra (persoal técnico, implantación e mantemento de obra ...).
- Non se aportan ofertas de provedores para os materiais e para os traballos subcontratados.

Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son

- A publicación do anuncio de licitación no BOP.
- O cartel de obra que ten a obriga de colocar.
- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifica suficientemente a oferta económica presentada en ningunha partida.
- non se aportan ofertas de provedores para a obra.
- non xustifican os custos indirectos da obra nin os gastos derivados do contrato.

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de "CIES OBRA CIVIL, SL".**

Así mesmo, a continuación se transcribe informe técnico de **VALORACIÓN DE MELLORAS:**

"JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ, arquitecto técnico do departamento de urbanismo a petición do departamento de contratación realiza a seguinte valoración de melloras das ofertas presentadas á licitación das obras de ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DA EDIFICACIÓN PARA USO DE COMEDOR ESCOLAR COLEXIO Nº 2 DE TUI despois da apertura do sobre nº2 CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA por parte da Mesa de Contratación o día 10 de abril de 2017, segundo o establecido no punto nº 17 do PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS que rexon na contratación das citadas obras

VALORACIÓN DE MELLORAS

EMPRESA	REDUCCIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN			INCREMENTO DO PRAZO GARANTÍA		TOTAL SUMA
	PROGRAM.	MESES	PUNTOS	ANOS	PUNTOS	PUNTOS
COVISAM NORTE SL	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
CONSTRUCCIONES SEOVI, SL	NON*	0,00	0,00	1,00	6,00	6,00
SERV. INT. de GESTIÓN Y MANT. SA	NON**	0,00	0,00	1,00	6,00	6,00
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
CONSTRUCCIONES CASTRO, SLU	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
CONSTR. Y PROYECTOS ABILLEIRA, SL	NON*	0,00	0,00	4,00	24,00	24,00
SITEXCA 2016, SLU	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
ZONA DE OBRAS O ROSAL, SLU	NON*	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
ACEVI, SL	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
CIES, OBRA CIVIL	NON***	0,00	0,00	4,00	24,00	24,00
NAROM, SL	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
CONSTRUCTORA EDISERPO, SL	NON*	0,00	0,00	4,00	24,00	24,00
CONSTRUCCIONES ABAL, SA	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS, SL	SI	3,00	26,00	4,00	24,00	50,00
GRUPO IAS	NON*	0,00	0,00	4,00	24,00	24,00

* NON ACHEGA PROGRAMA DE TRABAJO

** NON REFLECTE CON CLARIDADE AS OBRAS A EXECUTAR DIARIAMENTE

SÓ INDICA AS OBRAS A NIVEL DE CAPÍTULO, NON DETALLA AS PARTIDAS

*** NON REFLECTE CON CLARIDADE AS OBRAS A EXECUTAR DIARIAMENTE

SÓ INDICA AS OBRAS A NIVEL DE CAPÍTULO, NON DETALLA AS PARTIDAS

O PROGRAMA DE TRABAJO ACHEGADO É SEMANAL"

A Mesa de Contratación, á vista dos informes emitidos, por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Non admitir as propostas económicas presentadas polos licitadores que a continuación se indican, dado que non presentaron documentación xustificativa requirida polo concello, e en consecuencia, considéranse incursas en baixa temeraria:

- Sitexca 2016 S.L., con enderezo en rúa Padres Franciscanos, nº 60-b, 36379 Nigrán, correo electrónico: sitexca@sitexca.com.

- Zona de Obra O Rosal, S.L, con enderezo en Transversal O Cotro Pias, 23-B, 36760 O Rosal, correo electrónico: gerente@zonadeobra.es

2º.- Propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento das proposta económicas presentadas polos seguintes licitadores, por considerase incursas en baixa temeraria ao non estar xustificada a viabilidade da proposta económica de acordo coa motivación sinalada no informe do arquitecto técnico municipal de data 03/05/2017, transcrito anteriormente:



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

- Construcciones Castro Figueiro, S.L., con enderezo en avda. Redondela, nº 94-baixo, 36320 Chapela. Redondela, correo electrónico: montsede@construccionescastro.net
- Cies Obra Civil, S.L., con enderezo en rúa Barcelona, nº 48, 36203 Vigo, correo electrónico: ciosobravicil@gmail.com.

3º.- Outorgar as seguintes puntuacións as propostas económicas e melloras admitidas e que a continuación se indican:

Contrato ampliación comedor escolar Colexio nº2 de Tui						
Orzamento Licitación	99.857,06 €					
Empresas Licitadoras	Oferta Económica	Baixa	Puntuación Proposta económica	Reducción Prazo Execución	Incremento do Prazo de Garantía	Puntuación Total
GRUPO IAS	84.566,90 €	15.290,16	50,00	0,00	24,00	74,00
ACEVI	84.900,00 €	14.957,06	48,91	26,00	24,00	98,91
EDISERPO	86.273,00 €	13.584,06	44,42	0,00	24,00	68,42
PRACE Servicios y Obras	89.981,20 €	9.875,86	32,29	26,00	24,00	82,29
MANTOTAL	92.460,64 €	7.396,42	24,19	0,00	6,00	30,19
TERRAUGA	92.697,29 €	7.159,77	23,41	26,00	24,00	73,41
NAROM	92.867,08 €	6.989,98	22,86	26,00	24,00	72,86
CONSTRUCCIONES ABAL	94.620,44 €	5.236,62	17,12	26,00	24,00	67,12
PLAINTEC	96.739,79 €	3.117,27	10,19	26,00	24,00	60,19
Covisam Norte S.L	96.793,95 €	3.063,11	10,02	26,00	24,00	60,02
CPA Abilleira S.L.	98.638,81 €	1.218,25	3,98	0,00	24,00	27,98
Construcciones SEOVI	99.857,06 €	0,00	0,00	0,00	6,00	6,00

4º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa " **Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI)** , NIF nº B94097268, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en rúa Alameda, 16-Entrepanta 2, 36001 Pontevedra, correo electrónico: acevi@acevi.net, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro. Dado que o licitador proposto está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas co número 4878, os datos que aparezan no referido certificado acreditativos dos aspectos contemplados no art. 328 do TRLCSP, estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos; todo de conformidade co indicado na cláusula 15 do prego de condicións administrativas.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION

O ALCALDE

O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

VOGAIS

O INTERVENTOR

A SECRETARIA

O ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

Asdo.: Pilar Fernández Rodríguez

Asdo.: José Manuel Ferreiroa González

A CONCELEIRA DE URBANISMO E FACENDA

Asdo.: Yolanda Rodríguez Rodríguez